

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 13/2021, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 25 DE NOVEMBRO DE 2021 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO
MARGARITA RAMILO VARELA
CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

Non asiste:

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (desculpa a asistencia por motivos laborais)

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 22:06

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 25 de novembro de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto n.º 502/2021 do 22 de novembro de 2021 e, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 13/2021, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación das actas das sesións anteriores 09/2021, ordinaria, do 30 de setembro de 2021, 10/2021, extraordinaria do 05 de novembro de 2021, 11/2021, extraordinaria, do 15 de novembro de 2021 e 12/2021, extraordinaria, do 15 de novembro de 2021.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

2.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

3.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

4.-Rogos e preguntas.

Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación das actas das sesións anteriores 09/2021, ordinaria, do 30 de setembro de 2021, 10/2021, extraordinaria do 05 de novembro de 2021, 11/2021, extraordinaria, do 15 de novembro de 2021 e 12/2021, extraordinaria, do 15 de novembro de 2021.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 9/2021, ordinaria, 10/2021, 11/2021 e 12/2021 extraordinarias, do 05 de novembro de 2021 e do 15 de novembro de 2021, respectivamente.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta; abstense a Sra. Duarte, concelleira non adscrita por non asistir á sesión 10/2021 do 05 de novembro de 2021.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

2.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os decretos ditados pola Alcaldía entre o 27 de setembro de 2021 e o 22 de novembro de 2021 (dende a sesión 9/2021 ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria) que se indican a continuación, dos que se deu conta ao Pleno.

| Nº | DATA | ASUNTO |
|----------|------------|--|
| 395/2021 | 29/09/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000023792 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 396/2021 | 29/09/2021 | Asunto: Aprobación das nóminas ordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de setembro de 2021 |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carroal (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carroal.es / Sede electrónica: <http://sede.carroal.es> / Correo electrónico: correo@carroal.es

| | | |
|----------|------------|--|
| 397/2021 | 29/09/2021 | Asunto: Exp lp 39/2021 |
| 398/2021 | 30/09/2021 | Asunto: Exp lp 40/2021 |
| 399/2021 | 30/09/2021 | Asunto: Aprobación certificación nº 2 da obra “NOVO SANEAMENTO SAN VICENTE DE VIGO (FASE 1)” (FINANCIADA AL 100%- 133.705,77 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 2ª e derradeira fase) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA). |
| 400/2021 | 30/09/2021 | Asunto: Reintegro do anticipo da subvención de "Programa de Fondo PEL-REACTIVA de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia". |
| 401/2021 | 30/09/2021 | Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL POLIDEPORTIVO DEL CEIP VICENTE OTERO VALCARCEL, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)” |
| 402/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de ioga 2021-2022. |
| 403/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de ximnasia rítmica 2021-2022. |
| 404/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de atletismo escolar 2021-2022. |
| 405/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de patinaxe 2021-2022 |
| 406/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de ximnasia da terceira idade en Carroal 2021-2022. |
| 407/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de equitación 2021-2022. |
| 408/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola educativa de baile moderno 2021-2022. |
| 409/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola educativa de debuxo e pintura 2021-2022. |
| 410/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de zumba 2021-2022. |
| 411/2021 | 01/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola educativa de robótica 2021-2022. |
| 412/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da deportiva de fútbol sala 2021-2022. |
| 413/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da deportiva de baloncesto 2021-2022 |
| 414/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da deportiva de pádel 2021-2022. |
| 415/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da deportiva de judo escolar 2021-2022. |
| 416/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 3/2021. |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- | | | |
|----------|------------|--|
| 417/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola cultural de teares e tapices 2021-2022. |
| 418/2021 | 04/10/2021 | Asunto: Decreto SAD libre M ^a Carmen Varela Brea |
| 419/2021 | 05/10/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000023862 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 420/2021 | 05/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da deportiva de ximnasia de mantemento da Terceira Idade de Tabeaio 2021-2022. |
| 421/2021 | 05/10/2021 | Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO NO DECRETO Nº 408/2021 DE DATA 01 DE OUTUBRO DE 2021 QUE CORRESPONDE AO EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/C002/000156 EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DO GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA ESCOLA EDUCATIVA DE BAILE MODERNO 2021-2022 |
| 422/2021 | 06/10/2021 | Asunto: Aprobación definitiva do proxecto Modificado nº 1-da obra "Proxecto Modificado nº 1-Proyector Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña. |
| 423/2021 | 06/10/2021 | Asunto: CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN 17/2021, ORDINARIA, O DÍA 07 DE OUTUBRO DE 2021 |
| 424/2021 | 07/10/2021 | Asunto: Aprobación certificación PRIMEIRA da obra MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO BARBEITO AO LUGAR DE LAVANDEIRA.(FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. Convocatoria, resolución 28-12-2020; Otorgamento, resolución 04-04-2021. |
| 425/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo mes de outubro de 2021 por importe de 3.375,00 €. |
| 426/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola deportiva de iudo de Tabeaio . |
| 427/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación dun posto de acceso-conserxería para cubrir baixa Casa da Cultura. |
| 428/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola educativa de Fun English. |
| 429/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da escola educativa de Informática. |
| 430/2021 | 08/10/2021 | Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Galicia (Axencia Galega das Industrias Culturais [AGADIC] Consellaría de Cultura, Educación e Universidade) ao abeiro da Resolución do 11 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021.

- | | | |
|----------|------------|---|
| 431/2021 | 15/10/2021 | Asunto: Aprobación certificación nº 3 y última da obra "NOVO SANEAMENTO SAN VICENTE DE VIGO (FASE 1)" (FINANCIADA AL 100%- 133.705,77 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 2ª e derradeira fase) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA). |
| 432/2021 | 15/10/2021 | Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia Abril de 2021 |
| 433/2021 | 15/10/2021 | Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA CONTRATACIÓN DE OBRAS-MELLORA SENDA PEONIL ACCESO ÁREA RECREATIVA DA BREXA (POS+2020) |
| 434/2021 | 15/10/2021 | Asunto: Aprobación certificación CUARTA (4ª) Y ÚLTIMA de la obra (CONTRATO MENOR) MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA) |
| 435/2021 | 15/10/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000023928 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 436/2021 | 18/10/2021 | Asunto: Aprobación certificación nº 1ª e última da obra "MURO CONTENCIÓN E ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO EN BACELO (FINANCIADA AL 100%-39.895,1 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS +2020) DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA). |
| 437/2021 | 18/10/2021 | Asunto: Decreto concesión SAD Dependencia Mª Luisa Fernández Arguelles |
| 438/2021 | 18/10/2021 | Asunto: Aprobacion de facturas por importe de 1.056,33 € |
| 439/2021 | 19/10/2021 | Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia setembro de 2021. |
| 440/2021 | 19/10/2021 | Asunto: Decreto renovación tarxeta estacionamento José Manuel Díaz Diz |
| 441/2021 | 19/10/2021 | Asunto: Aprobación da conta xustificativa e do cumprimento da finalidade da subvención concedida pola Xunta de Galicia a esta entidade local para a promoción da lingua galega. Anualidade 2021 (PL400A). |
| 442/2021 | 18/10/2021 | Asunto: CORRECCIÓN DEL ERROR MATERIAL EN EL |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO Nº 433/2021 DE FECHA 15 DE OCTUBRE DE 2021 QUE CORRESPONDE AL EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/C003/000001 EN RELACIÓN A LA APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA MEJORA DE LA SEGURIDAD PEATONAL EN EL CONCELLO DE CARRAL

- 443/2021 20/10/2021 Asunto: CORRECCIÓN DEL ERROR MATERIAL EN EL DECRETO Nº 433/2021 Y 442/2021 DE FECHA 15 DE OCTUBRE DE 2021 Y 18 DE OCTUBRE DE 2021 RESPECTIVAMENTE QUE CORRESPONDEN AL EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/C003/000001 EN RELACIÓN A LA APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA MEJORA DE LA SEGURIDAD PEATONAL EN EL CONCELLO DE CARRAL
- 444/2021 20/10/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18/2021, ORDINARIA, 21 DE OUTUBRO DE 2021
- 445/2021 20/10/2021 Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000024016 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
- 446/2021 21/10/2021 Aprobación de factura por importe de 688.38 €.
- 447/2021 21/10/2021 Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA “MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE BELVÍS DE PALEO-CONCELLO DE CARRAL.” Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [POS+COMPLEMENTARIO2/2021]”
- 448/2021 25/10/2021 Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA "MELLORA CAPA DE RODADURA ESTRADAS MUNICIPAIS PARROQUIA DE TABEAIO, Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [ACHEGA 2020]



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 449/2021 25/10/2021 Asunto: Contratación laboral temporal de dona Lucía Fraga Vázquez como operaria de limpeza, para o servizo de prevención de incendios e limpeza de montes ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL 2021), por renuncia do titular do posto, don Manuel Ángel Rodríguez Vilar.
- 450/2021 26/10/2021 Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA “MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIAS DE PALEO E BEIRA. CONCELLO DE CARRAL. Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021[POS+COMPLEMENTARIO2/2021]”
- 451/2021 26/10/2021 Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000024072 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
- 452/2021 26/10/2021 Asunto: Acreditación ante el IDAE-Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía- del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico-, de la formalización de contratación da la obra Mejora de la eficiencia energética del Polideportivo del Ceip Vicente Otero Valcárcel, Carral (A Coruña, Galicia)”.
- 453/2021 26/10/2021 Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA “NUEVA INSTALACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN: LA CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS) Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [ACHEGA 2021]”
- 454/2021 26/10/2021 Asunto: Aprobación das nóminas ordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de outubro de 2021.
- 455/2021 27/10/2021 Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia setembro de 2021.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

456/2021 27/10/2021 Asunto: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (OUTUBRO 2021).

457/2021 27/10/2021 Asunto: Concesión urxente SAD Encarnación Castro García.

458/2021 28/10/2021 Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO-Sesión 9/2021, extraordinaria, 02 de novembro de 2021

459/2021 02/11/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 10/2021 , EXTRAORDINARIA, 05 DE NOVIEMBRE DE 2021

460/2021 02/11/2021 Asunto: Aprobación de factura por importe de de 3.675,41 €

461/2021 28/10/2021 Asunto: CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ESPECTÁCULOS PIROTÉCNICOS PÚBLICOS NA PARROQUIA DE TABEAIO O VINDEIRO 13 E 14 DE NOVIEMBRE DE 2021



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 462/2021 03/11/2021 Asunto: concesión tarxeta estacionamento Luis Guimarey Brandariz
- 463/2021 03/11/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19/2021, ORDINARIA,04 DE NOVEMBRO DE 2021
- 464/2021 04/11/2021 Asunto: CONSELLOS ESCOLARES.- Delegar na señora concelleira de Educación, Sanidade, Voluntariado, Igualdade e Traballo, dona María Mercedes Caridad López, a representación do Concello de Carral nos consellos escolares de centros educativos existentes no municipio e da "Galiña Azul"
- 465/2021 04/11/2021 Asunto: Aprobación da liquidación da taxa por reserva de dominio radioeléctrico período 2020 por importe de 100,00 €
- 466/2021 05/11/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 12/2021 , EXTRAORDINARIA, 15 DE NOVEMBRO DE 2021
- 467/2021 05/11/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 11/2021 , EXTRAORDINARIA, 15 DE NOVEMBRO DE 2021



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 468/2021 05/11/2021 Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO- Sesión 10/2021, extraordinaria (en el CIXPAC corresponde la sesión 11/2021), 10 de novembro de 2021
- 469/2021 05/11/2021 Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 5/2021.
- 470/2021 05/11/2021 Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 4/2021.
- 471/2021 05/11/2021 Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da adquisición de libros para Biblioteca Municipal.
- 472/2021 05/11/2021 Asunto: Aprobación do gasto para a adquisición de plantas ornamentais para acondicionamento de xardíns na rúa do Pan.
- 473/2021 05/11/2021 Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da adquisición de tobogán para a súa substitución por outro en mal estado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 474/2021 05/11/2021 Asunto: Aprobación do gasto para a contratación da redacción do proxecto técnico para a execución das obras de mellora no camiño vecinal sito na parroquia de Santiago de Sumio, no Val de Barcia, entre o lugar Souto Figueira e o Pazo Vilasuso, nun tramo aproximado de 1.200 metros
- 475/2021 05/11/2021 Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo mes de novembro de 2021 por importe de 3.426,00 €.
- 476/2021 05/11/2021 Asunto: Conceder á Asociación Pedagóxica Waldorf Coruña (APWC), representada por dona Cristina Fejoo Varela, a primeira das dúas prórrogas, por un período anual comprendido entre o 28 de febreiro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, nas mesmas condicións aprobadas no decreto da alcaldía 90/2019, do vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, de outorgamento de concesión de dominio público para uso privativo da antiga escola unitaria de Herves.
- 477/2021 05/11/2021 Asunto: MEDIDAS DO CONCELLO DE CARRAL COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO VIRUS COVID-19 (8º DECRETO DA ALCALDÍA-05 DE NOVEMBRO DE 2021).
- 478/2021 09/11/2021 Asunto: Aprobación da factura por importe de 350,00 € de David Pernas Lázaro incluída na xustificación da subvención "Ler Conta Moito" da Xunta de Galicia.
- 479/2021 09/11/2021 Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000024207 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 480/2021 10/11/2021 Asunto: Aprobacion de factura por importe de de 951,08 €.
- 481/2021 10/11/2021 Asunto: Aprobación do gasto para a adquisición e instalación de marquesiña nos accesos ao Colexio Vicente Otero Valcárcel.
- 482/2021 11/11/2021 Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO DA ALCALDÍA 461/2021 DO 28 DE OUTUBRO DE 2021 CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/G003/000467 (CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ESPECTÁCULOS PIROTÉCNICOS PÚBLICOS NA PARROQUIA DE TABEAIO O VINDEIRO 13 E 14 DE NOVEMBRO DE 2021)
- 483/2021 11/11/2021 Asunto: Aprobación certificación número SEXTA (6) y ÚLTIMA de la obra MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL DE SAN VICENTE, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA).
- 484/2021 11/11/2021 Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia subvención concedida a este concello pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinada ás entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e vista á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT236A, ao abeiro da Orde do 9 de marzo de 2021.
- 485/2021 11/11/2021 Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia outubro de 2021.
- 486/2021 11/11/2021 Asunto: APROBACION DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 12.2021 TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 6/2021 ENTRE PARTIDAS DEL MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PARTIDAS DE PERSOAL

- | | | |
|----------|------------|--|
| 487/2021 | 12/11/2021 | Asunto: Concesión SAD Dependencia M ^a Dolores Ares Cabanas |
| 488/2021 | 12/11/2021 | Asunto: Concesión SAD Dependencia Savador Pena Eiroa |
| 489/2021 | 12/11/2021 | Asunto: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 30 (JENNIFFER MANTEIGA VILARIÑO) |
| 490/2021 | 12/11/2021 | Asunto: INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 38 (American Pit Bull Terrier -JENNIFFER MANTEIGA VILARIÑO) |
| 491/2021 | 12/11/2021 | Asunto: Aprobación das bases que rexerán a contratación laboral temporal urxente por obra ou servizo, a tempo parcial (25 horas semana), dun/ha técnico/a en materias medioambientais para o departamento de Medio Ambiente a consecuencia da redución de persoal no mesmo e inicio do procedemento de contratación. |
| 492/2021 | 12/11/2021 | Asunto: Baixa SAD Dependencia M ^a del Carmen Caridad García |




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 493/2021 12/11/2021 Asunto: Baixa SAD Dependencia Cesáreo Eirís Varela
- 494/2021 15/11/2021 Asunto: Baixa SAD Dependencia Abigail Esther Mellior González
- 495/2021 15/11/2021 Asunto: Alta SAD Dependencia Raimundo Pérez Fernández
- 496/2021 15/11/2021 Asunto: Conceder e aboar a cantidade de 125 € brutos ao mes en catorce pagas ao ano a dona Yolanda Cives Paz por funcións administrativas e de levanza das subvencións de obras do Concello de Carral.
- 497/2021 15/11/2021 Asunto: Cambio Capacidade Económica SAD Dependencia José Iglesias García
- 498/2021 16/11/2021 Asunto: Convocatoria de sesión de xunta de goberno local 20/2021, ordinaria, 18 de novembro de 2021



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 499/2021 18/11/2021 Asunto: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (NOVEMBRO 2021)
- 500/2021 19/11/2021 Asunto: Aprobación certificación nº 2 e última da obra "ACONDICIONAMENTO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO ESPÍÑO-POS+2020 " (FINANCIADA AL 100%- 34.479,43 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2020) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- 501/2021 19/11/2021 Asunto: Aprobación certificación nº 1 e última da obra "Mellora de vias nas parroquias de Tabeaio e Sergude (FINANCIADA AL 100%- 61.439,00 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- 502/2021 22/11/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 13/2021 , ORDINARIA, 25 DE NOVEMBRO DE 2021

3.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

O señor Alcalde manifesta que hai unha moción presentada por rexistro municipal polo grupo Popular.

O señor Alcalde solicita a xustificación da urxencia da MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO NÚCLEO DE CARRAL .

3.1 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP "MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO NÚCLEO DE CARRAL"

EXPOSICIÓN

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (rexistro de entrada 1820, do 25 de novembro de 2021) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CARRAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

José Luis Fernández Mouriño, voceiro do Grupo Municipal Popular, o amparo do establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986,

En maio de este ano recíbese a notificación de aceptación de subvención por parte do Instituto para a diversificación e aforro da enerxía, do Ministerio de Transición Ecolóxica 1.414.922,25 € de un investimento total de 1.823.754,49 € para a MELLORA DA MOBILIDADE PEATONAL NO NÚCLEO URBANO DE CARRAL.

O pasado 22 de outubro, na páxina oficial do Concello en Facebook, o Alcalde manifesta que vai renunciar a execución do proxecto de mellora da mobilidade peonil por cuestións puramente financeiras.

As contas do concello de Carral teñen un aforro neto negativo de tan so o 37 % polo que se pode chegar ao 75%.

O Plan Único da Deputación contempla nas súas bases que se pode aportar a outras entidades a cantidade destinada a gasto corrente.

Polo que se presenta a seguinte MOCIÓN:

Se someta a votación da Corporación Municipal para a aceptación da subvención do proxecto de mellora da mobilidade peonil no núcleo de Carral xa que hai varias solucións de acadar o financiamento para a execución de dita obra.

Carral, 24 de novembro de 2021

José Luis Fernández Mouriño

Voceiro do Grupo Municipal Popular,"

O Sr. Alcalde solicita ao portavoz do grupo popular que xustifique a urxencia da MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO NÚCLEO DE CARRAL .

DEBATE

O Sr. Fernández Mouriño, portavoz do grupo municipal xustifica a moción manifestando que hai uns meses se recibiu a boa nova de que se nos concedera unha subvención moi importante con fondos Europeos a través do IDAE que supoñía a transformación do núcleo de Carral a través da N-550. En outubro pensaron que isto estaría en marcha, funcionando, e viron a través das redes sociais que o alcalde renunciaba a esta axuda por temas financeiros. Indica o Sr. Fernández Mouriño que por todo isto presentaron a moción da que se está falando xa que o grupo popular considera que non debería haber eses problemas financeiros para conseguir unha cantidade tan importante como poden ser 1.400.000 € dos cales o Concello tería que aportar 300.000 € ou case 300 mil euros e non entende que digan que miraron por un lado e polo outro e que non conseguiron eses cartos. Por isto, o grupo popular ten unha serie de propostas as cales queren formular para non renunciar a esa cantidade tan importante xa que consideran que nos mundos en que estamos e estando Carral como está, renunciar a unha inversión tan importante unha vez concedida,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

presentado xa o proxecto e autorizado polo IDAE, que agora se renuncie a isto non o ven procedente. Indica o Sr. Mouriño que el soubo desa renuncia a través da páxina oficial do Concello, do facebook onde se le que o alcalde de Carral renuncia a esta subvención por temas financeiros.

Segue manifestando o Sr. Fernández Mouriño que cree que esta subvención é moi importante, que será moi beneficiosa para todos os veciños e que o tema financeiro ten solución.

Concedelle a palabra o Sr. Alcalde á concelleira Sra. Duarte Gerpe.

Manifesta a Sra. Duarte que ela considera que hai que votar a urxencia da moción e manifesta o seu voto a favor da urxencia desta moción xa que considera moi importante esta subvención para todo o concello. Hai unha gran necesidade no tramo que ten a N-550 pois no verán pódese transitar sen moito perigo pero agora no inverno, tal e como está a estrada, é un perigo. Indica a Sra. Duarte que ela pensa que esta subvención é necesaria para a seguridade de todos os veciños de Carral e os que non son de Carral, pensa que o Alcalde debería de tomar esta decisión e buscar a forma de aceptar esta subvención e tal e como se fixo en gobernos anteriores hai que pedir axudas a entidades bancarias aínda que o concello ten unha partida orzamentaria para iso ou debería de tela para non ter que renunciar a esta inversión para Carral.

O Sr. Alcalde concedelle a palabra ao Sr. Couto López

O Sr. Couto López manifesta que o seu grupo votará a favor da urxencia como xa dixo nunha reunión que tiveron co grupo de goberno. Indica o Sr. Couto que o Pleno é o lugar para discutir isto xa que o Pleno é soberano e representa a todos os veciños de Carral.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que unha vez máis se está a tratar nun pleno un tema que xa está falado e mais que explicado pero manifesta o Sr. Alcalde que non hai problema en explicalo outra vez. Indica o Sr. Alcalde que o motivo de que o seu grupo non considere urxente a moción da que se está a falar é porque xa se renunciou á subvención en cuestión. De todos os xeitos indica o Sr. Alcalde que a concelleira de Facenda contará todos os pasos que se fixeron para conseguir os cartos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. concelleira de Facenda, á Sra. Guimarey

Manifesta a Sra. Guimarey que ela expoñerá dun xeito simplificado os pasos que se levaron a cabo para que quede constancia en acta e quede refrendado por ela. Indica a Sra. Guimarey que se lles acusa de mentir e renunciar a unha obra que poderían levar a cabo, igualmente indica a Sra. Guimarey que ela vai deixar claro que eles non menten, e cando di eles tamén inclúe á Sra. Interventora, que estivo presente en moitas reunións pois actúan segundo feitos reais e a verdade.

Manifesta a Sra. Guimarey que quere deixar claro que eles dende o principio viron o proxecto da subvención que se está a falar como algo beneficioso para o concello de Carral, un proxecto que non teñen claro quen o ideou porque tanto o grupo popular como o grupo socialista o adxudican como seu pero que iso carece de importancia, o importante é que era algo bo para Carral. Por iso loitaron para sacalo adiante, dende un principio cos informes negativos de Intervención, xa que Intervención viu dende o principio que non era asumible polo concello e séguese sendo agora mesmo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua manifestando a Sra. Guimarey que cando solicitaron a axuda para o proxecto, nunha reunión que mantiveron o equipo de goberno, o Sr. Couto López quedou de buscar financiación a través dun alto cargo de Abanca, cre recordar a Sra. Guimarey que tamén quedou en falar con Julio Sancristán, en definitiva, indica a Sra. Guimarey que todo quedou en nada, que se lle requiriu ao Sr. Couto varias veces a través de correos e de xeito oral que lles dixera como ía a busca de financiación. Indica a Sra. Guimarey que todo o que está dicindo o avala a documentación e os informes (correos ao Sr. Couto, informes negativos de intervención, etc), segue dicindo a Sra. Guimarey que non obtiveron resposta do Sr. Couto López e posteriormente o Sr. Couto López díxolles que como xa o estaba mirando Alternativa el que se apartaba. Segundo a Sra. Guimarey é probable que o Sr. Couto xa vira a imposibilidade financeira do proxecto. A realidade, di a Sra. Guimarey, é que vendo que transcorría o tempo e non había nada, Alternativa chamou a varias entidades bancarias, reuníronse con elas, viron a documentación e a resposta recibida polas entidades foi nalgúns casos negativa e noutros xa non entraron nin a estudar a operación xa que ao tratarse dunha operación a longo prazo xa non a valoraron. Aínda así, continua a Sra. Guimarey, e dado que o Sr. Couto dixera que existía un compromiso da Deputación de financiar a aportación do Concello que ronda os case 400 mil euros, solicitou o grupo de alternativa unha reunión na Deputación á que os acompañou a interventora, previamente remitírase toda a documentación preceptiva á Deputación.

Indica a Sra. Guimarey que se reuniron o 5 de outubro co deputado de facenda D. Antonio Leira, co interventor da Deputación o Sr. Pardellas e outros, desa reunión a única proposta en firme que lle deron era que non lles garantían ningún tipo de financiamento pero si apoio técnico mais isto non era o que ían buscando, que o único que poderían facer dende a Deputación era un anticipo de tributos, algo que, indica a Sra. Guimarey, e que a corrixa a interventora se non é certo, xa o estamos tendo. Tamén lles faláron na Deputación de que se podía supeditar o POS 2022 mais ante isto, pregunta a Sr. Guimarey, ¿que facemos?, esquecémonos do resto do municipio? hipotecamos o pos para facer algo só en Carral? un proxecto que só afecta ao núcleo? En todo caso, sigue indicando a Sra. Guimarey habería que facer unha modificación de crédito e levalo ao Pleno da Deputación e os prazos tampouco axudaban. Nesa mesma reunión, por parte da Deputación, recomendóuselles a este Concello que fóramos menos ambiciosos e máis realistas e ante isto, a Sra. Guimarey propúxolles á Deputación se existía a posibilidade de facer unha soa fase e posteriormente xa faríamos a segunda, a resposta foi a mesma. Por todo isto, indica a Sra. Guimarey, deu traslado de todo o ocorrido na reunión a todo o Grupo de Goberno, reitera que ten a documentación que así o avala e trasladou todos os movementos realizados por parte desta concellaría a todo o equipo de goberno.

Continua a Sra. Guimarey dicindo que tamén se reuniron cos redactores dos proxectos para ver a viabilidade de reducir e ser menos ambiciosos no proxecto e facer unha soa fase e os redactores chegaron a dicir, cita palabras textuais “isto é como quen quere facer unha casa e xa ten que pedir os cartos para facer o proxecto”. Isto, manifesta a Sra. Guimarey é un resumen dos pasos que deron para buscar financiación. Conclúe a Sra. Guimarey dándolle paso ao Sr. Alcalde que é quen dirixe este barco e quen toma a última decisión, en virtude iso si do apoio que lle dou o pobo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que foi el como alcalde, por responsabilidade, quen decidiu renunciar a esta obra xa que el é como Alcalde o que ten que velar polo ben común dos veciños, segue indicando o Sr. Alcalde que el non vende fume, que el non ven a facer política para acadar votos e non deixar o sillón, indica o Sr. Alcalde que el o sillón xa o tiña e sígueo tendo, sen necesidade de presentarse a eleccións ningunha pero, manifesta o Sr. Alcalde, no pleno hai xente sentada que se non é pola política nunca un



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

despacho tería. Indica o Sr. Alcalde que el xa viña axudando aos veciños no que podía e que, de seguir facéndoo ou non, ía seguir cobrando o seu soldo igualmente porque para ben ou para mal era e segue sendo funcionario deste concello. Manifesta o Sr. Alcalde que lle doe que se pense que el como Alcalde ou como Javier pode facer algo que poida prexudicar aos veciños. Continua dicindo o Sr. Alcalde que el pode ter moitos defectos e quen o coñece sabe que non lle gusta tirarse flores pero chega un momento en que necesita, por saúde mental, dicir en voz alta que non é doado ver como te chaman mentireiro publicamente, como pasou na prensa do día de hoxe por parte do socio de goberno, en referencia ao Sr. Couto López, e que aínda é mais vergonzoso que lle chame ao Alcalde de Carral, que representa aos veciños de todo este pobo e que diga que el non manda, que quen o fai é unha concelleira do seu equipo. O Sr. Alcalde continúa manifestando que entende que o faga porque así fai dano ou pensa que o fai a el mesmo como Alcalde e á concelleira pero, continua o Sr. Alcalde dicíndolle ao Sr. Couto que a súa saída de tono, no artigo de prensa de hoxe que publicou a Opinión válelle ao Sr. Alcalde para agradecerlle á Sra. Concelleira, Susana Guimarey, toda a súa labor, que o único que fai (a Sra. Guimarey) dende que entrou neste concello é traballar e deixarse a pel e aparcas moitas veces a súa vida persoal por dalo todo por este pobo.

Continua o Sr. Alcalde manifestando que está moi orgulloso da Sra. Guimarey e do seu facer, que mais xente debería estar nos gobernos municipais para que vira o que é estar para unicamente traballar polo pobo, defende á súa concelleira porque é unha persoa sincera e agradecida, manifesta o Sr. Alcalde ao Sr. Couto que el pensaba que poñendo o que puxo na prensa lles faría dano persoal á concelleira e ao Alcalde pero iso non é facer política, iso é querer abrir unha brecha no equipo de Alternativa e indica o Sr. Alcalde que ao Sr. Couto xa lle empeza a pesar o de quedar sen o posto de concelleiro xa que vai quedando menos, bastante menos tempo para as eleccións pero, indica o Sr. Alcalde que o que consegue o Sr. Couto e que estean máis unidos os concelleiros de Alternativa e que teñan ganas de traballar, mais aínda, por Carral. O único que pode, o Sr. Alcalde, é dar as grazas a todos e a cada un dos concelleiros do grupo de Alternativa xa que non é para o que lles pediu que o acompañasen, xa que o único que queren e traballar por Carral.

Continua o Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Couto ía falar coas altas esferas dos bancos e da Deputación para este proxecto e preguntalle o Sr. Alcalde a o Sr. Couto que é o que fixo? onde están os cartos? Indica o Sr. Alcalde que nin á Sra. Interventora nin a el mesmo lle constan cartos algúns dun xeito oficial, que é como se teñen que facer as cousas. Segue manifestando o Sr. Alcalde que quen foi aos bancos a buscar financiación foi o Sr. Alcalde, á Deputación foi a buscar financiación o Sr. Alcalde e están non só os concelleiros de Alternativa senón tamén a Sra. Interventora que o pode corroborar e pregunta se sabe o que lles contestaron? Pois dixéronlles “que non se podían facer cargo de tantos cartos, que tiñan que pensar en proxectos máis humildes dada a envergadura do concello” e isto, indica o Sr. Alcalde, xa se lle explicou nunha reunión que tivo o equipo de goberno ao completo na que asistiron para dar fe disto tanto a Sra. Interventora como a Sra. Xurídica precisamente para que non ocorrera o que ocorreu, que intentara botarlles a culpa como fai sempre do que o Sr. Couto fai mal. O único que fai o Sr. Couto é vender fume e logo deixa que o Sr. Alcalde arranxe todo o que comeza e non remata, xa que tan pronto hai un problema o Sr. Couto desaparece e bota a culpa ao grupo de alternativa e así queda o Sr. Couto limpo, o único que lle importa ao Sr. Couto é a súa imaxe, non o pobo nin os veciños e indica o Sr. Alcalde que vai dar uns exemplos: o aparcamento de Manís, manifesta o Sr. Alcalde que o que non se pode facer e actuar sobre unha parcela e ir a poñer os marcos onde o Sr. Couto queira e meter os cartos públicos onde non ten unha autorización.

Intervén o Sr. Couto para dicir que iso é mentira.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua o Sr. Alcalde, chamando á orde ao Sr. Couto, e segue dicindo o Sr. Alcalde que a compra da parcela de Angelito para dar acceso á praza da Capela chegou cun técnico (chama á orde por segunda vez ao Sr. Couto López.) e díxolle mídese dende aquí ata alí. Indica o Sr. Alcalde que o Bar de Guimarey e a casa de Roura igual e o do Primavera exactamente igual. Tamén a obra da Ponte da Brexa e o paso peonís que no 2018 xa se empezou.

Intervén o Sr. Couto para indicar que iso non é verdade.

Continua o Sr. Alcalde dicindo que el non ten que demostrar o que fai polos veciños de Carral, o que se desvive por eles pero, dille ao Sr. Couto que a el aínda lle queda un longo camiño por demostralo se é que é capaz de demostralo algunha vez, recoméndalle o Sr. Alcalde ao Sr. Couto que deixe o protagonismo.

Indica o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño que lle parece increíble que despois de dezaseis anos ao fronte do concello non saiba como deixou o concello e do que pode ou non pagar. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que xa é momento de ter en conta cando se fala de asumir novos proxectos que hai que pagalos, da reclamación xudicial que ten o Concello cunha familia de Carral coa que o Sr. Fernández Mouriño asinou un convenio para facer un instituto e esta familia reclama ao concello de Carral máis de dous millóns de euros. Indica o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño que pode estar tranquilo, que están intentando arranxar as súas malas xestións como xa fixeron pagando a Varínca, pagando a débeda do Consorcio das Mariñas pero hai que ter en conta que o Xulgado pode condenar ao Concello de Carral cunha cantidade millonaria e, agora ten a cara (en referencia ao Sr. Mouriño) de presentar unha moción e vir a este Pleno a botar en cara que se renuncie a unha subvención que o Sr. Fernández Mouriño sabe, perfectamente, que xa está rematado o prazo para conseguila e sabe tamén que está presentada a renuncia e sabe que a pesar de que publica na prensa e nas redes que non é unha subvención ao 100%. Continúa o Sr. Alcalde recordando que el xa aceptou as subvencións para este proxecto en maio deste ano e o que asinou esa aceptación é o Alcalde e fíxoo para continuar intentando conseguir esa financiación pero cando non se pode é imposible, o mesmo me pasaría a min se quixera facer unha mansión, non podería porque non teño os suficientes cartos. Indica o Sr. Alcalde que hai que ter responsabilidade e saber ata onde se pode chegar, aínda así o Sr. Alcalde sabe que diso o Sr. Fernández Mouriño non entende e por iso, di o Sr. Alcalde, o Sr. Fernández Mouriño deixou o concello endebedado como eles o atoparon cando chegaron á alcaldía.

Continua o Sr. Alcalde dicindo que non culpa ao Sr. Fernández Mouriño de presentar a moción xa que aproveita as declaracións públicas que fai o Sr. Couto poñendo ao Sr. Alcalde de Carral polo chan e fai política sucia, que é o único que saben facer. Manifesta o Sr. Alcalde que el non sabe facer política sucia nin quere aprender e di que en prensa saíu que o equipo de goberno facía este pleno sen puntos do día e para gastar cartos, cando, indica o Sr. Alcalde, os únicos que cobran a asistencia aos plenos son o grupo do partido popular e concelleira non adscrita. Di o Sr. Alcalde que é outra forma de facer política sucia pero igualmente vai explicar o que o Sr. Fernández Mouriño xa sabe, os plenos solicitados pola oposición teñen que ser plenos únicos e por iso o Sr. Alcalde tivo que convocar outro pleno para aprobar definitivamente os Estatutos da Mancomunidade xa que remataba o prazo e aproveitou o pleno que o grupo popular e a concelleira non adscrita pediron para facelo e así aforrar o custe dun deles ao ser un mesmo día convocados os dous.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Indica o Sr. Alcalde que este pleno é un pleno de control ao equipo de goberno que el mesmo preside, é un pleno de obrigada convocatoria pero iso o Sr. Fernandez Mouriño xa o sabe, o que pasa di o Sr. Alcalde é que o Sr. Fernández Mouriño seguro que non convocaría este pleno, aínda que é unha obriga legal, se el estivera de Alcalde para non someterse ao control. Pero este alcalde prometeu transparencia e vaino a cumprir aínda que lle coste ter que estar aguantando a xente que o único que quere é un sillón e seguir facendo dano para conseguir o seu propio proveito.

O Sr. Alcalde chama á orde por primeira vez á Sra. Duarte Gerpe.

Continua o Sr. Alcalde dicindo que está a facer todo o que pode polos veciños e que se el fixo por eles o que puido, eles devolvéronllo con creces co apoio que recibiu para estar na Alcaldía e seguir pelexando polo pobo de Carral. O que máis sinte o Sr. Alcalde é non poder facer máis, pero di o Sr. Alcalde que este pleno valeu, polo menos para el, para darse de conta do difícil que é traballar nun goberno en coalición, cun socio que te insulta na prensa sen importarlle nada e cunha oposición que en lugar de construír aproveita esta situación para sacar rédito político. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non espera nada dos socios de goberno nin da oposición pero si espera que os veciños o sigan apoiando e estando ao seu carón, seguir medrando, facer política limpa e pensar na xente unicamente e non en intereses particulares nin en prepotencias persoais.


Indica o Sr. Alcalde que se vai a votar a urxencia da moción referida a pesares de que quere que quede claro que xa se renunciou á subvención e non procedería a súa aceptación. Procédese á votación de urxencia.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada con sete votos a favor (dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal PP presentes na sesión, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE e da concelleira non adscrita) fronte a cinco votos en contra (dos cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV), polo que pasa ao debate e votación da moción presentada.

DEBATE

Dalle a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño para que expoña a Moción.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que el non sabía que o Sr. Tenente de Alcalde, Sr. Couto López, sabía que quen mandaba no Concello era a Sra. Tenente de Alcalde, a Sra. Guimarey, que foi quen lle escribiu ese discurso. Pero agora, di o Sr. Fernández Mouriño, que estamos falando dunha cousa sería, falamos dun proxecto, dun concello de 6500 habitantes Carral que está medrando ou estaba medrando e espera que sega medrando. Carral necesita de atractivos, as parroquias teñen moitas necesidades e requiren moitas melloras pero o que é o núcleo de Carral hoxe en día xa non so é o bonito ou o feo senón que é a seguridade para os peóns. Hoxe en día estase falando en todos os concellos que hai que mirar mais polos peóns e non polos coches e ese proxecto, indica o Sr. Fernández Mouriño, que o Sr. Alcalde di que vendían tanto o partido socialista como o grupo popular e non é por botarlle flores ao partido socialista pero presentaban un bo proxecto ao igual que o partido popular que levaba un proxecto moi ambicioso, incluso cunha presentación en vídeo de como podía quedar o núcleo de Carral. Continua o Sr. Fernández Mouriño dicindo que el non viu proxecto de ningún tipo en Alternativa, só dicían que acababan de entrar que “malo sería”.... Pero o certo é que saen unha serie de axudas con fondos europeos no que o proxecto do núcleo de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral podería encaixar e a alguén do equipo de goberno ocórreselle presentar un anteproxecto para que dende o Ministerio concederan 1.414.922,25 euros a fondo perdido e despois quedaba o 20 % , que indica que aprobaron en agosto os orzamentos para o ano 2021 e aparecía que o Concello podería aceptar calquera subvención que viñera, sempre e cando puidera aportar ese 20%. Pois ese 20 % indica o Sr. Mouriño, son case 400 mil euros para humanizar o núcleo de Carral e facer un Carral moderno, darlle valor ás casas, mellorar o centro de Carral e facer que cando pase calquera veciño de fóra de Carral poida pensar canto avanzou Carral. Aínda así, indica o Sr. Fernández Mouriño a el preocúpanlle os intereses que hai detrás de todo isto.

Continua o Sr. Fernández Mouriño dicindo que el espera que non renunciara a esta axuda o Sr. Alcalde. É o Sr. Alcalde do concello e a Corporación quen tería que decretar e por iso, indica o Sr. Mouriño que el sabe que non se renunciou a esta subvención. O grupo Popular non quere que se perda esta cantidade de 1414922,25 € porque costa moito conseguila , costa moito convencer ás distintas administracións para que invirtan aquí, Carral está na área metropolitana, no segundo cinturón pero meréceo igual que calquera outro concello, non todo vai ser para Bergondo, nin Culleredo, nin Oleiros, nin Arteixo, nin para a propia Coruña. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño, que Carral está ben situado, a 18 minutos do centro da Coruña, non entende porque se vai a renunciar a esta axuda, o Sr. Alcalde só fala de temas financeiros.

Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que o Sr. Alcalde dixo que a súa obriga legal era defender o Concello de Carral e que non quere rédito político. Pregunta o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde logo por que está vostede de Alcalde? Por que quitou 200 votos máis que o anterior alcalde? Por que utilizou, manifesta o Sr. Fernández Mouriño, a confianza que lle dou o anterior Alcalde a vostede como funcionario? Era o home de confianza do alcalde anterior e agora fala de que non vai traizoar aos nosos veciños? Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que o Sr. Alcalde sabe de sobra, e non fai falta que llo diga a Sra. Interventora ou a Secretaria nin a súa valedora, a Tenente de Alcalde, que mañá mesmo (polo día 26 de novembro) vaise aprobar o POS 2022 na Deputación. Ao Concello de Carral pertécenlle 400 e pico mil euros máis o do 2021 que aínda os teñen alí. É certo, indica o Sr. Mouriño que hai uns gastos, hai unhas partidas que hai que dedicalas a inversións pero hai outras que son para gastos correntes e só en gastos correntes para o 2022 xa ten vostede 170 mil euros, os cales os pode destinar para a axuda referida e non só iso senón que ten tamén o do 2021 e non só iso senón que se aprobou a conta xeral do ano 2020 e o Concello de Carral está endebedado un 0,37 % e o aforro neto do Concello é un 37%. Un Concello normal pode estar ata un 75%, podíamos apelar a iso senón houbera maneira de conseguir eses cartos por outro lado e aínda máis, continúa dicindo o Sr. Mouriño, poderíase pedir un crédito a 20 anos como pediu, hai anos o Sr. Vales, e o grupo popular ata votou a favor. Como o crédito que pediu o Partido Popular, cando estivo na alcaldía, para poder facer o alumeado da subvención do IDAE para aforro enerxético e pagalo a X anos, non recorda se votaron a favor ou en contra os socialistas pero está seguro de que algo de electricidade se aforrou aínda que seguro que menos da que querían aforrar e menos dos que dicían os plantexamentos, indica o Sr. Mouriño.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño de que el non ten a culpa de que o Sr. Alcalde lle reproche ao seu tenente de Alcalde de que é bo, ou é malo, ou é feo ou non se porta ben iso, di o Sr. Fernández Mouriño, son cousas do equipo de goberno. Indica o Sr. Mouriño que o Sr. Alcalde lle reprocha ao grupo popular que deixou ao Concello endebedado e manifesta o Sr. Fernández Mouriño que se poderían pagar eses case 400 mil euros con fondos propios e conseguiríanse da Deputación a axuda que fora e incluso con algún convenio coa Deputación, porque hai uns días o grupo socialista abstívose nunha axuda porque lle daban moitos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

cartos ao Concelleiro de Deportes e non lle daban a outra cousa, eses 170 mil euros que se lle deron a Deportes que non se lle movan para nada pero habería que ir no ano 2022 a falar co Presidente da Deputación e explicarlle o proxecto que hai, que é un escaparate para Carral e ten unha proxección porque Carral ten todo, ten de todo menos mar... o que non se pode é ter uns gobernantes que non se poñen de acordo. Non rexeitan eses cartos porque se lle está a facer un flaco favor a Carral, e non estamos falando de temas financeiros, nas bases do POS 2022 pon claramente que os gastos correntes pódense destinar a onde se queira, estamos falando de colaborar con outro tipo de axudas, hai prazo para xustificar esa axuda do IDAE ata marzo de 2023, por favor manifesta o Sr. Fernández Mouriño que el non viu, sabe o proxecto está pagado, e sabe que o proxecto o enviaron a Madrid pero, indica o Sr. Fernández Mouriño, a parte dos gastos que xerou facer ese proxecto, que lle parece ben, pero o que non se pode é renunciar a esa axuda porque senón sería irresponsable, isto sería renunciar a case un 20 % do orzamento de Carral ao ano.

Toma a palabra a Sra. Duarte pedindo ao Sr. Alcalde que por favor non lle diga que non se centra no punto. Indica a Sra. Duarte que quere que conste en acta que todo o que o Sr. Alcalde dixo estaba escrito en 5, 6 ou 7 folios que as palabras non eran espontáneas, que non era un sentir senón un pensar, non entende porque todo isto e non se centrou na moción. Manifesta a Sra. Duarte que ela se vai centrar na moción e felicítalo pola intervención xa que vaia maneira de agarrarse ao sillón, e segue dicindo a concelleira que a tenente de alcalde di que o Sr. Alcalde está sentado onde está grazas aos votos do pobo, e aínda di, a Sra. tenente de alcalde, coa cabeza que si, recórdalles a Sra. Duarte que estiveron sen ter a maioría 2 meses e pico e non era capaces de seguir porque estaban sen cobrar as nóminas, oitocentos e pico de días, como dixo o Sr. Concelleiro no pleno anterior, e segue dicindo a Sra. Duarte o Sr. Alcalde chegou a Alcalde polo votos do partido socialista, do Sr. Couto, do que vostedes renegan agora, do que din que se agarra á silla que igual non ten outra silla, eu vou á feira e o Sr. Fernández Mouriño está no muiño, supoño que o de que se agarran á silla irá por vostedes, isto deberíano de falar no despacho, indica a Sra. Duarte, e non traelo a un pleno, deberíalles dar vergoña traer isto a un pleno, estanse xustificando de algo que non ten xustificación, cando a concelleira dixo que había unha maneira que era renunciar ao POS 2022, cando o Sr. Fernández Mouriño lle dixo o mesmo. E pregunta a Sra. Duarte Gerpe se hai algún decreto de renuncia á subvención? . Indica a Sra. Duarte que o que se ve e que hai rivalidade pero non coa oposición se non entre o equipo de goberno, teñen bloqueado o concello e non entende como veñen a un pleno sen puntos do día e que se leve debatendo unha moción case media hora, que non é polo tempo, indica a Sra. Duarte, pero e que lle deron tanto bombo á moción que parece que ten moito contido pero se non chegan a traer a moción xa lle dirán a ela de que ían a falar.

Continua falando a Sra. Duarte que o equipo de goberno aproveitou esta moción para contarlles a carta de amor de un e a carta de amor doutro, cunha subvención que están dicindo que van renunciar a un millón e pico de euros no estado en que está Carral, por 400 mil euros que hai que aportar e que teñen que buscar os fondos, isto, manifesta a Sra. Duarte é que son uns incompetentes, abandonar polas súas pelexas internas porque está claro que lle molestou ao Sr. Alcalde que iso saíra na prensa, que pasa que se sae nos corredores do Concello non lles molesta, que anden como cans aquí dentro e claro pícalles que se entere "todo Dios" e por culpa de que se entere todo Dios renuncian á subvención, e así se está o Concello, pero claro, segue dicindo a Sra. Duarte que imos esperar dunha xente que se presentou nas parroquias cunha libreta e preguntándolle aos veciños que é o que querían facer eles, que lles dixeran e agora que hai os proxectos enriba da mesa e dinlle que non aos do partido socialista que sería un proxecto deles.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Indica a Sra. Duarte que en rogos e preguntas seguirá preguntando por mais proxectos que non sabe o que pasa con eles, porque, indica a Sra. Duarte aínda están a traballar con todo o que había pendente do partido popular, que marchou o Sr. Secretario e sacáronos a contratación, pero todo o que fan non son obras de Alternativa dos Veciños, son do Partido Popular, e agora veñen aquí a este pleno e escoitan unha carta de amor e de guerra, parece un programa de televisión. Manifesta a Sra. Duarte que ela vai votar a favor e pídelle ao Sr. Alcalde que se mova e que non renuncie á subvención, di a Sra. Duarte que ela e non adscrita e ela cobra por vir ao pleno, cando non ven non o cobra, manifesta que o Sr. Alcalde e os outros concelleiros que non cobran os plenos é porque xa cobran os soldos e convocan un pleno onde non hai orde do día e gástanse 1000 € neste día e so se debate unha moción.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Couto López.

O Sr. Couto López empeza falando de que lle parece mezquino o escrito que leu o Sr. Alcalde cando segundo o Sr. Couto o Sr. Alcalde sabe todo e cada un dos puntos dos que falou porque o Sr. Couto llos explicou, indica o Sr. Couto que o único que lle preocupa ao Sr. Alcalde é buscar culpables pero despois de dous anos de relación xa están curados de espanto, indica o Sr. Couto que o que parece é que o Sr. Alcalde quere que dimitan ou renunciem pero debe saber o Sr. Alcalde, manifesta o Sr. Couto López, que neste caso a potestade do que goberna é do Sr. Alcalde, se os quere cesar que os cese, o grupo socialista, di o Sr. Couto López vai seguir no equipo de goberno por responsabilidade co goberno, porque a única folla de ruta que ten o concello de Carral é o programa dos socialistas, que está no despacho do Sr. Couto e que lle fai un check cada vez que van cumprindo os compromisos, segue dicindo o Sr. Couto que leva dende hai un ano sen que o chamen para ningunha reunión nas que si está o Sr. Alcalde (algunhas veces), a Sra. Susana Guimarey e o concelleiro de Servizos, Sr. Rubén Caamaño, que non se lle convoque, que se lle aparte, xa que hai uns días un construtor foi a unha reunión e preguntou polo Sr. Couto xa que el fora o que iniciara ese proxecto e foi o que falou co contratista. Indica o Sr. Couto López que retorcelos feitos e parecido a mentir e agora vai a contar el como sucedeu isto.

Indica o Sr. Couto que ese proxecto o liderou o partido socialista, en concreto el mesmo. Entraron no goberno en setembro de 2019 había unhas alegacións de transporte coa concelleira Lucía Vázquez, foi un traballo arduo, con moito traballo porque non había ningún técnico, foron moitas alegacións e grazas a Deus consideráronas. Unha vez que quedaron liberados, o grupo socialista, púxose a traballar no seu programa e un dos puntos que pon o seu programa é "será un proxecto ambicioso no que tería que financiarse por todas as administracións e incluso con fondos europeos (...)", ante a oportunidade de conseguir eses fondos, que xa non contábamos con eles porque estábamos ao final das solicitudes do IDAE, ante esta oportunidade preparáronse unhas memorias técnicas (non uns proxectos), que se pagaron 800 € por cada unha, en xaneiro de 2020 o Sr. Couto López foi ao despacho do Sr. Alcalde ensinoulle os planos e o Sr. Alcalde díxolle que era un proxecto moi bonito, preguntoulle o Sr. Couto ao Sr. Alcalde se lle podían dar para adiante, recorda o Sr. Couto que estaban os dous sos no despacho, e o Sr. Alcalde díxolle que si, que ía para adiante. Segue indicando o Sr. Couto que a finais de febreiro foi a xunto ao anterior secretario e pediulle copia de haber remitido a solicitude de subvención e o secretario díxolle que o Sr. Alcalde lle dera orde de non pedir esa subvención, automaticamente fíxose unha reunión do equipo de goberno e nesa reunión, con 6 votos a favor decidiuse pedir a subvención, tendo en conta que xa anteriormente o Sr. Alcalde lle dixera que ía para adiante. Esa subvención que podería estar presentada o día 1 de febreiro retrasouse e perdéronse 4 meses e presentouse a subvención en xuño, despois de chamar constantemente



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


ao secretario que estaba confinado e teletraballando dende a casa para que subira a subvención ata que finalmente se conseguiu que se subira á plataforma do IDAE esa subvención.

Finalmente, segue dicindo o Sr. Couto López o IDAE tarda en contestar pero contesta en abril de 2021 dicindo que lle concede a subvención ao concello de Carral, cousa que para o grupo socialista é unha alegría, poder axudar ao pobo, poder darlle sitios de lecer que foi polo que o grupo socialista se meteu no concello non por ningún despacho, xa que segundo manifesta o Sr. Couto López todos teñen traballo e se traballan en política teñen que cobrar, xa estivo moitos anos antes traballando sen cobrar, como presidente da Ampa, como presidente do grupo de gaitas, indo a mil sitios e poñendo cartos do seu peto para axudar a este pobo, esa si que é vontade sen ningún soldo. Continua dicindo o Sr. Couto que en abril conceden a subvención e hai que aceptala nun mes, en ese mes completo non se movía nada, xa practicaban o ocultismo, xa dicían que o grupo socialista non se enteraba de nada, iso se chama moobing, están empeñados dende Alternativa en que nos aburramos e que o grupo socialista se vaia pero o Sr. Couto di que non, que eles están empeñados en seguir e axudar ao pobo de Carral, pensa que unha das cousas mais importantes de Carral é crear unha vila que sexa humana e non crear un pobo dormitorio e se non hai espazos onde convivir, espazos de lecer a xente virá a este pobo a durmir e irá a outros sitios a lecer, isto é o que tratan de facer o grupo socialista que o pobo non sexa un dormitorio.

Continua falando o Sr. Couto manifestando que conseguiu o grupo socialista, que o Sr. Alcalde firmara a aceptación da subvención, presentando unha moción para levar ao pleno e nese mesmo día firmou a aceptación. En maio aceptase a subvención, hai 6 meses para preparar os proxectos e non se contratan eses proxectos aínda que están recollidos no orzamento do ano 2021, non se contrata nada e nese momento se lle di ao Sr. Couto López que empece a buscar financiación, o Sr. Couto empeza a buscar financiación. No mes de xullo, Alternativa dos Veciños presenta unha nota no facebook despois de que o Presidente da Deputación da Coruña felicitara ao Sr. Couto Lopez polo tema do carril bici e Alternativa publicou no seu FB quen trouxera o carril bici para Carral fora o Sr. Alcalde, e di o Sr. Couto que iso era unha mentira como unha casa. O grupo socialista pediu unha desculpa pública ao grupo de Alternativa xa que se lle acusou ao Sr. Couto López de mentir, indica o Sr. Couto que el non minte e que ten a conciencia moi tranquila. En xullo, na busca da financiación o Sr. Couto solicitou papeis ao departamento de intervención do concello, á consellería, nese momento, de economía e a verdade é que se retrasaron os papeis e nese momento a área de economía é a que se pon a traballar cando o Sr. Couto López pensa que o que debería de reunirse ou chamar con que fora debería de ser o Sr. Alcalde, nese momento ao Sr. Couto ocúltaselle todo o que se está a facer, ninguén fala con el, non sabe se se van a reunións, simplemente non se conta co grupo socialista.

Di o Sr. Couto que a el lle entran dúbidas de que por parte do equipo de Alternativa, unha obra que non querían a traballaran suficientemente. O Sr. Couto di que se estivo perdendo o tempo e chegou o mes de outubro, que era cando se cumprían os 6 meses e se tiña que xustificar a contratación por parte do concello, na reunión que tiveron co Sr. Couto non se valorou para nada pedir unha prórroga para gañar tempo, para que contaran con el para ir pedir financiamento pero díselles que non porque se hipoteca ao Concello.

Continua o Sr. Couto dicindo que o informe de Intervención non di que o Concello non se poida endebedar, a débeda actual, como ben dixo o portavoz do grupo popular é do 36% e co proxecto non chegaba ao 75%, era o 74%, concellos coma o de Miño, que ten unha débeda moito mais grande que este concello colleron unha subvención do IDAE de tres millóns de euros. Como o informe da interventora non dí que o concello



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

non se poda endebedar, poñen o problema dos fondos propios e vai o propio Sr. Couto a unha reunión á Deputación da Coruña porque había unha reunión pedida do concello de Carral co presidente da Deputación, á que o socio de equipo de goberno de Carral, que é do partido socialista non estaba avisado, non se dan conta o grupo de Alternativa que o Sr. Couto podería axudar a limar asperezas, a crear empatía, Alternativa dos veciños non o invitan á reunión e invítao o presidente da Deputación, aparece o Sr. Couto na reunión onde está o Sr. Alcalde, o concelleiro de Cultura e o Sr. Couto e o Presidente da Deputación di que non deben deixar escapar un proxecto, unha axuda, destas características por eses cartos, se había que poñer eses cartos se mirará a forma de poñelos, indica o Sr. Couto que iso foi o que dixo o Presidente da Deputación que estaba na mesma mesa que estaba o Sr. Alcalde, entón non entende o Sr. Couto que historias están dicindo, polo tanto o tema da financiación con recursos propios estaba mais que solucionado en tempo, continúa dicindo o Sr. Couto, pero o tema e que ao Sr. Alcalde dáballe medo, por se pasaba algo...Indica o Sr. Couto que para estar no posto onde está sentado o Sr. Alcalde hai que ter valentía, ambición, ganas e hai que ter criterios e saber o que se vai facer, hai que ter metas, obxectivos.

Continua dicindo o Sr. Couto que lamentablemente se lle deu á subvención para atrás, no expediente de TEDEC está a renuncia da subvención. O informe de intervención dicía que o plan de estabilidade orzamentaria, con motivo da débeda do concello de Carral, dicía que o plan impedía iso pero cunha reformulación ou cun permiso de Consello de Contas podería estar solucionado pero tampouco se miraron ningunha destas vías, indica o Sr. Couto, ao final isto é unha situación na que un grupo político que deu a alcaldía a outro grupo político está sendo maltratado, ocultado, non contan con eles para nada, que chaman a técnicos e que lles din que o Sr. Couto non é nada, pero como quen non é nada di o Sr. Couto, el esta movendo temas en todos os lados polo ben de Carral única e exclusivamente, e no canto de apoialo, ir con el...o único que fan e darlle para atrás en todo, simplemente porque o partido socialista non pode saír na prensa por intereses electorais, iso foi o que pasou dende sempre, non poden saír na prensa por intereses electorais.

Indica o Sr. Couto que ten mais cousas pero son de outro tema e para non entrar en outras historias déixao para rogos e preguntas.

Por alusións pide a palabra a Sra. Guimarey e manifesta que está Noemí, a Sra. Interventora, presente no pleno e preguntalle a ela se cando o Sr. Couto di que non recibiu información, nin traslado de información, que o informe da interventora municipal non dicía de xeito claro e concisa que non procedía, a Sra. Guimarey indica, como ben dixo antes que ela fala con documentos, xa non as cousas que verbalmente expuxo en repetidas ocasións, o 11 de febreiro está aquí a documentación detallada pon "os servizos económicos manteñen a inviabilidade dende o punto de vista económico" dálle traslado, a Sra. Interventora, ao Sr. Alcalde, á propia Sra. Guimarey, ao Sr. Couto Lopez é a Sra. Secretaria accidental.

Solicita ausentarse do pleno a Sra. Duarte ás 21:34 horas.

Pregunta o Sr. Couto López porque motivos eran e indícalle que a Sra. Guimarey os lea no pleno.

A Sra. Guimarey pasa a ler o informe da Interventora "En relación á solicitude realizada polo Concello de Carral da subvención do IDAE para elaboración do plan de mobilidade (...)

Entre outros motivos os seguintes:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1º- Inexistencia de crédito habilitado, fondos propios 364.750 que no caso de habilitarse tería que estar dotados nos orzamentos ao menos de dúas anualidades o cal esta intervención non ve viable en base á capacidade orzamentaria actual deste concello.

2º- A imposibilidade de concertar calquera préstamo ata a total amortización da débeda existente concertada co Concello tal e como se establece o Plan de Axuste (a intervención municipal tamén pon que non procede modificar o Plan de Axuste).

A Sra. Interventora está aquí para resolver calquera dúbida que teñan, estivo no seu despacho e a Sra. Guimarey sempre que foi a falar con ela da subvención sempre mantivo a mesma resposta algo que a Sra. Guimarey a día de hoxe considera a mais coherente. Indica a Sra. Concelleira de Facenda ao Sr. Couto que non diga que non recibiu porque o ten ela alí en copia.

Incorpórase a Sra. Duarte Gerpe ás 21:36 horas.

Procédese á votación manifesta o Sr. Alcalde-Presidente. O Sr. Fernández Mouriño manifesta que quere seguir debatendo, o Sr. Alcalde insiste en que xa está suficientemente debatido.

Insiste o Sr. Fernández Mouriño que deben seguir debatendo. Indica o Sr. Fernández Mouriño á Sra. Secretaria accidental se lle pode explicar ao Sr. Alcalde cuestión de orde. Indica a Sra. Secretaria accidental que se o Sr. Alcalde considera que xa está suficientemente debatido e hai que votar.

Manifesta a Sra. Secretaría accidental que conste en acta que como ben dixo o Sr. concelleiro socialista, Pablo Couto, estas subvencións están renunciadas. A Sra. Secretaria non cre que deba haber unha votación sobre a admisión da subvención xa que as subvencións, insiste, xa están renunciadas e entende que non procede esta votación para a aceptación do proxecto porque están renunciadas en datas 27 de outubro de 2021. Se o Sr. Fernández Mouriño quere manter a moción e o acordo, vótase igualmente e solicitarase a aceptación da subvención pero non ten senso ningún.

O Sr. Fernández Mouriño pide que conste en acta que a renuncia debería ser un Decreto e no punto 1 de dación de decretos de Alcaldía dende o 03 de outubro ata o 20 de novembro non aparece para nada ese Decreto polo cal el mesmo atreveuse a presentar esta moción e entende o Sr. Fernández Mouriño que o seu grupo o apoia e que non hai nada oficialmente presentado, senón sería un absurdo, xa que se non é un decreto non sabe que outro tipo de papel pode haber, reitera o Sr. Fernández Mouriño que quere que isto conste en acta.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión con sete votos a favor (dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal PP presentes na sesión, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE e da concelleira non adscrita) fronte a cinco votos en contra (dos cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV).

4.-Rogos e preguntas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Alcalde pregunta aos/as señores/as Concelleiros/as se queren facer algún rogo ou algunha pregunta e dálle paso á Sra. Duarte

4.1- Rogos e preguntas da señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita)

Indica a Sra. Duarte Gerpe que rogos non vai a facer e só vai a facer preguntas. Di que despois de que en marzo se aprobou a cesión inicial do Centro de Saúde, o expediente que xa estaba do anterior goberno e o levaron a pleno, ¿como é posible que a finais de novembro non o traian a este pleno que ademais non hai puntos do día, como é que se leva tanto retraso neste tema?

Continua a Sra. Duarte preguntando pola Ponte de Sergude, ela cansouse de preguntar por esta ponte e non se explica como pode estar isto aínda así.

En que situación está a obra dos peóns de Carral, e penoso que dende Tabeaio ata Carral, ese proxecto que deixou o anterior goberno e que vostedes votaron abaixo e segue todo na escuridade salvo o que fixo o anterior goberno alí xunta o Norte, e lamentable que o pobo está a escuras entre as 18.630 horas e ben a xente e lamentable que sigan totalmente pasivos e sen sacar as obras adiante.

Outra obra que había pendente e agora non se acorda que pedirá a palabra mais adiante. Era unha obra que eles anunciaron, débatese unha moción como si fora xa na orde do día, pasan os meses e o equipo de goberno non presenta ningún proxecto, non felicita este ritmo, non queren ver o que pasa, séganse matando uns aos outros, quedou moi ben exposta a posición do Sr. Couto López é lamentable que cos problemas internos que teñen entre vostedes teñan totalmente paralizado o Concello. Indica a Sra. Duarte que lles deben poñer freo a todo isto e coller as rendas o Sr. Alcalde pero ela ve que os seus propios concelleiros non lle deixan, que lle din cando deben cambiar de punto.

4.2.- Rogos e preguntas do Sr. Couto López

Manifesta o Sr. Couto que tanto a el como ao resto dos concelleiros do PsdG-PSOE os apartan e o maltrato foi crecendo e pediu por correo o outro día ao Sr. Alcalde, que saben que está o Plan de Banda Ancha por Carral, e hai unhas zonas de Carral que quedaron sen ela e no mes de maio pediulle a Alcaldía a través dun correo electrónico que alegara isto, a día de hoxe o Sr. Couto di que non se alegou.

Indica o Sr. Couto que o PXOM entrou por rexistro e o Sr. Alcalde dixo que o quería volver a revisar, espera o Sr. Couto López que no primeiro trimestre do ano 2022 vaia para adiante polo ven do pobo e de todos.

Rogo ao Sr. Alcalde que reflexione profundamente o que está facendo neste Concello.

4.3- Rogos e preguntas do Sr. Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para facer un par de rogos ao Sr. Alcalde.

Rógalle o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde que saben todos cal é a súa capacidade pero non se debería deixar influenciar por persoas tan maquiavélicas que busquen formas tan en contra do que necesita Carral, tampouco entende o Sr. Fernández Mouriño ao portavoz do grupo socialista porque a el mesmo se lle



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

estiveran menosprezando durante tanto tempo, el ten carácter, el foi alcalde durante uns anos e estivo sentado no sillón da Alcaldía, e se a el lle impuxeran unha serie de condicións el non aguantaría impertinencia algunha, e antes preferiría marchar, pero e que o grupo socialista ten 3 e alternativa ten 5 e van en contra dos 3, o Sr. Fernández Mouriño non entende isto, non entende como poden ter tanto aguante, está dicindo, o Sr. Couto, agora que fan (en referencia a alternativa) o que lles da a gana, incluso con oscurantismo que o Sr. Fernández Mouriño entende o oscurantismo en canto á oposición, e reitera que conste en acta que el viu os decreto, un a un, e non viu o decreto da renuncia do IDAE, preocúpalle ao Sr. Mouriño que se enviara algo ao IDAE e que non sexa unha renuncia oficial mediante un decreto, por iso esperou o Sr. Mouriño a presentar unha moción despois de ver os decretos, indica o Sr. Fernández Mouriño que o partido popular non fai as cousas por facelas, fan cousas porque pensan que é o mellor para Carral.

O que se mete en política, di o Sr. Fernández Mouriño, non é para que lle quede unha pensión moito mellor despois de 4 nos, a política e o arte de facer o posible e buscar a forma de facer o posible, non esperar, non ser cómodo, poñía o exemplo o Sr. Couto co concello de Miño que consegue proxectos do IDAE sendo o concello mais endebedado de España e o Concello de Carral porque o pediu o Sr. Couto non se lle da. O Sr. Fernández Mouriño fai un rogo ao Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Alcalde falou hai un momento de Varinca, invítalle ao Sr. Alcalde a dicir cando queira canto lle custou ao concello Varinca, diga canto custou ás arcas municipais canto custou, posiblemente a vostede con estar en urbanismo non o chamaron porque era mais importante chamar a outros. Ao Consorcio das Mariñas débenlle cartos moitos concellos, Oleiros debe cartos, Cambre debe cartos, e Culleredo tamén e deben cartos porque teñen 7 millóns de euros e conste que lle reconoceron a débeda ao Consorcio, non coma outros concellos, como por exemplo Oleiros que lles debe cartos á Xunta porque non lles paga a débeda das escolas infantís.

O ultimo rogo que quere facer o Sr. Fernández Mouriño, mais que un rogo é unha advertencia, vostede sabe o que é a lei de protección de datos? Bueno, pois ten o señor Mouriño 3 casos con escritos do Sr. Alcalde nos cales o Sr. Alcalde ten acceso a catastro, non vai a ser o partido popular tan cínicos nin malas persoas como fixo Alternativa dos Veciños co partido socialista que se abstivo de denunciar á Fiscalía pero advirte o Sr. Mouriño que como volva o Sr. Alcalde a ter acceso a datos do catastro e de outros organismos aos cales o Sr. Alcalde deixou de ter dereito unha vez que tomou posesión como Alcalde, advirte o Sr. Fernández Mouriño que o si ata agora non o denunciou a partires de agora si o denunciará. Pide o Sr. Fernández Mouriño que se deixe de cacicadas e que se el presume de atender ao pobo era porque lle mandaban os concelleiros de turno pero agora non pode facer nada diso.

Con todo isto o Sr. Fernández Mouriño fai un rogo a toda a Corporación e manifesta que Carral tivo dende o ano 1979 unha maioría mais ou menor normal, no ano 1983 houbo un montón de partidos gobernando, no ano 1987 houbo outro desbaraxuste, no ano 1991 houbo outra maioría absoluta, no ano 1995 sendo a lista máis votada a do grupo popular gobernou o PSOE co BNG, no ano 1999 igual, no ano 2003, unha moción de censura porque o partido socialista non quería ceder ao Bloque aquilo que lle dixeran e indica o Sr. Mouriño que a el o enganaron porque pensou que ían facer un proxecto conxunto para Carral pero non foi capar, pasaron 5 meses que foi un sen vivir, aquí o que se intenta é facer as cousas ben para o pobo, o Sr. Fernández Mouriño non sabe como esa agora o equipo de goberno pero o grupo popular intentan axudar en todo e votar a favor en todo o que é positivo para Carral, o grupo popular trae propostas e aínda que llas botan abaixo eles seguen aí, e non entende o Sr. Mouriño como despois de 2 anos e medio non arranxan as cousas, indica o Sr. Mouriño que se deberían xuntar e arranxar as cousas porque queda 1 ano e medio de goberno e non podemos estar sen goberno e senón, como dicía o grupo socialista o 9 de xullo "dimisión



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

inmediata do Sr. Alcalde se se perde esta subvención que acabamos de comentar” e tamén aparece no panfleto que cada dous ou tres meses onde poñen a caer dun burro a Cambre e a Culleredo por non ter plan xeral e o Concello de Carral, cun Alcalde de Alternativa dos Veciños dálle para atrás ao Plan Xeral e estanse a ir moitas empresas porque lle importa pouco que haxa mais vivendas unifamiliares ou pisos.

E agora, di o Sr. Fernández Mouriño, ven vostede a dicirme que a ver se se publica en xaneiro, como en xaneiro se as alegacións xa quedaran resoltas e so había que volvelo a publicar e non volver a presentar alegacións outra vez e xa podía estar todo case todo aprobado e estar o polígono como industrial e non como residencial. Pídelle ao Sr. Alcalde que medite e reflexione aínda que sabe que fará o que lle manden facer porque non ten criterio porque se está vendo pero ao mesmo tempo solicita que se poñan de acordo o equipo de goberno porque así non vai para adiante Carral. Non se pode andar a ver quen o fai mellor ou quen o fai peor.

Solicita a palabra a Sra. Ramilo para manifestar que se sentiu aludida cando dixo o Sr. Alcalde que outros non teñen unha silla nun despacho, indica a Sra. Ramilo que ela non ten unha silla nun despacho porque non lle fai falla, ela ten un asento nun furgón onde se gana a vida dunha xeito moi honrado e o Sr. Alcalde non pode dicir que non ten unha silla no despacho porque ela non a necesita. E agora vai facer as preguntas a primeira pregunta quérea facer ao Sr. Couto para saber se se sabe algo do camiño? Segue igual? Se averiguou se o peche tiña permiso ou non ?. Se se vai a esperar a que prescriba?

Contesta o Sr. Couto dicindo que sigue igual, que é un tema da policía local e esta depende da Alcaldía.

Insiste a Sra. Ramilo en que a Alcaldía debería enviar á policía local porque senón vaia a prescribir.

Segue a Sra. Ramilo preguntando ao Sr. Caamaño dicindo que no pleno anterior avisou dun pino que estaba caendo e o pino segue onde está.

Unha pregunta da Sra. Ramilo para o Sr. Alcalde, se o sabe e se non a persoa que o saiba que o conteste, se podería explicar que criterios se seguiron para dar as axudas culturais e deportivas? Contaron con todas ou fixeron un sorteo? Xa que hai algunha asociación que se enterou polos medios de comunicación. No referente á contía que valoraron?

Contesta o Sr. Bello Hermida manifestando que o tema das contías fixérono os técnicos, o de cultura e o de deportes e o convenio pódese facer cunha asociación que ten varias actividades, que ten actividades cíclicas durante o ano, fíxose e este ano se engadiron máis convenios.

Pregunta a Sra. Ramilo porqué se excluíron a asociacións?

Resposta o Sr. Bello Hermida que non se excluíu a ningún.

Continua a Sra. Ramilo dicindo que non se excluíu a ningunha asociación e ela di que en Tabeaio hai unha asociación de Tabeaio que se chama “Xuventude” e non se lle dixo nada.

Resposta o Sr. Bello Hermida que é unha asociación de festas

Intervén a Sra. Ramilo para dicirlle que é unha Asociación cultural, ademais de verbenas fan mais cousas, monólogos se teñen axudas, grupo de gaitas, paiaos...etc

Pregunta o Sr. Bello se presentaron algún proxecto.

Resposta a Sra. Ramilo que a ela non lle dixeron nada destas axudas que se enterou por FB.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Resposta o Sr. Bello Hermida dicindo que as asociacións presentan proxectos e teñen que cumprilos, os técnicos fan un convenio ao final de ano. Se non se realizou a actividade réstanse cartos.

Pregunta a Sra. Ramilo que cando avisaron das axudas e a quen?

Resposta do Sr. Bello Hermida, vostede cando veu á Casa da Cultura recibírona? Presentou algún proxecto? Dixo que estarían interesados?

Insiste a Sra. Ramilo que ela se enterou polo FB.

Intervén a Sra. Duarte para dicir que xa se acordou da pregunta e se a pode facer. Ata agora había 3 policía locais e agora temos 5, aínda non pero pronto se reincorporan, o 21 de febreiro. Roga a Sra. Duarte que cando se reincorporen lles digan os turnos que van a ter porque ela non ve normal que teñan os mesmos turnos, se teñen turnos de mañá e de tarde, se van vir todos nos mesmos turnos.

O Sr. Alcalde resposta á Sra. Duarte que terán un turno de mañá e un turno de tarde.

Insiste a Sra. Ramilo na contestación da pregunta do pino.

Resposta o Sr. Caamaño que lle dará mais información no próximo pleno

Ás **22:06** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares